

ACCESO ÁS PROFESIÓN S DE AVOGADO E PROCURADOR DOS TRIBUNAIS

NOTA INFORMATIVA DO DECANATO DA FACULTADE DE DEREITO

- O día 16 de xuño vén de publicarse no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto 775/2011, do 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de Avogado e Procurador dos Tribunais.
- A devandita norma regula o curso de formación (máster) e o exame que é preceptivo superar segundo a Lei 34/2006 para o exercicio das profesións de avogado e procurador dos tribunais.
- Estes requisitos aplicaranse a toda persoa que se licencie con posterioridade á data de entrada en vigor da Lei e do Regulamento, que é o 31 de outubro do ano en curso.
- Debido á tardanza na aprobación do Regulamento, o novo curso de formación para o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais non poderá estar implantado antes do curso académico 2012/2013 (setembro de 2012).
- Consultado o Ministerio de Xustiza por este Decanato sobre a situación dos alumnos que se licencien inmediatamente despois do 31 de outubro de 2011, indicóusenos que a formación que na actualidade se imparte nas Escolas de Práctica Xurídica pode seguir a ofrecerse no curso 2011/2012 e recoñecerse (convalidarse) pola do novo curso de formación cando este se implante. A Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela admite a alumnos aos que lles falte para se licenciaren un máximo de dúas materias ou menos de vinte créditos.
- É intención deste Decanato promover o recoñecemento dos estudos que na actualidade se imparten na Escola de Práctica Xurídica de Santiago de Compostela polos do novo curso de formación, para que os alumnos que a 31 de outubro de 2011 estean próximos a se licenciaren non teñan que esperar a setembro de 2012 para empezar a realizar as actividades formativas que esixe a normativa que vai entrar en vigor.
- O Decanato da Facultade atenderá as consultas sobre o novo réxime de acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais tanto presencialmente como a través da dirección de correo electrónico zderdeca@usc.es. Unha copia desta nota informativa pode obterse en www.usc.es/fac_dereito.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2011.

O Decano